



XUNTA DE GALICIA

XEFATURA TERRITORIAL DE LUGO, VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN, SERVIZO DE ENERXÍA E MINAS

Anuncio

Resolución de 22 de setembro de 2021 de la Jefatura Territorial de Lugo por la que se concede autorización administrativa previa y de construcción para una instalación eléctrica en el ayuntamiento de Outeiro de Rei. (Expediente IN407A 2021-20AT)

Visto el expediente para autorización administrativa previa y de construcción de la instalación eléctrica que a continuación se cita:

- Solicitante: BEGASA
- Domicilio Social: Rúa Aller Ulloa, Ramón María, 9. 27003 Lugo
- Denominación: "LÍNEA SUBTERRÁNEA DE MEDIA TENSIÓN Y CENTRO DE TRANSFORMACIÓN 5006 SOBRADA"
- Situación: ayuntamiento de Outeiro de Rei
- Características Técnicas:
 - Centro de Transformación prefabricado 5006 Sobrada, on una potencia proyectada de 630kVA y una potencia inicial de 100kVA, en el cual se instala una celda de línea y una protección, relación de transformación 20.000/400-230V.
 - Línea subterránea de media tensión a 20kV con origen en un apoyo de la LMT existente Castro y final en una celda del Centro de Transformación proyectado 5006 Sobrada, con una longitud de 35 metros de conductor tipo RHZ1 -240mm.
- Finalidad de la instalación: Mejora de instalaciones
- Presupuesto: 30.859,64 €
- Documentación complementaria:
 - Separata para el ayuntamiento de Outeiro de Rei
 - Separata para AXI

Esta jefatura territorial, de acuerdo con las competencias que resultan del Decreto 230/2020, de 23 de diciembre, por el que se establece la estructura orgánica de la consejería, y teniendo en cuenta el Decreto 9/2017, de 12 de enero, sobre órganos competentes para autorización de instalaciones eléctricas en la Comunidad Autónoma de Galicia, **resuelve**:

En relación con la instalación de alta tensión, **conceder la autorización administrativa previa y de construcción** a dichas instalaciones sin perjuicio de terceros y con independencia de las autorizaciones que sean necesarias para la ejecución de la obra por parte de otros órganos de la Administración, condicionado al cumplimiento de las siguientes condiciones:

Primera: Las instalaciones deberán ajustarse en su ejecución a lo dispuesto en el citado proyecto de ejecución, debiendo realizarse la Dirección de Obra por técnico competente.

Segunda: El peticionario asegurará el mantenimiento y vigilancia de las instalaciones durante la construcción y después de su puesta en servicio, con el fin de garantizar que en todo momento se mantendrán las condiciones reglamentarias de seguridad.

Tercera: En todo momento deberán cumplirse las normativas y directrices vigentes que sean de aplicación, en particular, cuanto establece la ley 24/2013, de 26 de diciembre, del sector eléctrico, el Real Decreto 223/2008, de 15 de febrero, por el que se aprueba el reglamento sobre condiciones técnicas y garantías de seguridad en líneas eléctricas da alta tensión y sus instrucciones técnicas complementarias, el Real Decreto 337/2014, de 9 de

mayo, por el que se aprueba el reglamento sobre condiciones técnicas y garantías de seguridad en instalaciones eléctricas de alta tensión y sus instrucciones técnicas complementarias.

El plazo de puesta en marcha de las instalaciones que se autorizan será de doce meses, contados a partir de la fecha de la última autorización administrativa necesaria para su ejecución.

Contra esta resolución se podrá interponer recurso de alzada ante el vicepresidente segundo y consejero de Economía, Empresa e Innovación en el plazo de un mes, a partir del día siguiente al de la notificación o publicación de esta resolución; también se podrá interponer cualquier otro recurso que estime pertinente en su derecho.

Lugo, 22 de septiembre de 2021.- El jefe territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

R. 2801

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN DE LUGO

Anuncio

Resolución do 14 de setembro de 2021 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Castro de Rei. (Expediente IN407A 2021-43AT)

Visto o expediente para outorgamento da autorización administrativa previa e de construción para a instalación eléctrica que a continuación se describe:

- Peticionario: GAIN AXENCIA DE INNOVACIÓN
- Domicilio Social: Rúa Airas Núñez, s/n.º 15702 Santiago de Compostela. A Coruña
- Denominación: “LMT, CT Y RBT AERÓDROMO DE LAS ROZAS AYUNTAMIENTO DE CASTRO DE REI e o seu ANEXO”
- Situación: concello de Castro de Rei
- Declaración Responsable: Si
- Características técnicas principais:
 - Liña soterrada de Media Tensión a 20kV, con orixe nun apoio proxectado por BEGASA (Expt: 70-2021-AT) tipo C-3000-14 e final nunha cela de liña ubicada no CT proxectado, cunha lonxitude de 315 metros en condutor tipo RHZ1-240mm.
 - Liña soterrada de Media Tensión a 20kV, con orixe nunha cela do CT Proxectado e final nun paso aéreo a soterrado proxectado na fachada do CT existente (6809) Meteorológica, cunha lonxitude de 65 metros en condutor RHZ1-240mm.
 - Liña soterrada de Media Tensión a 20kV, con orixe nunha cela do CT Proxectado e final nun enpalme proxectado nunha arqueta, na cal enlaza coa LMT existente ao CT (5416) INTRA Rozas, cunha lonxitude de 60 metros en condutor RHZ1-240mm.
 - Liña soterrada de Media Tensión a 20kV, con orixe nunha cela do CT Proxectado e final nun enpalme proxectado nunha arqueta, na cal enlaza coa LMT existente ao CT (13) Rozas Aeródromo, cunha lonxitude de 70 metros en condutor RHZ1-240mm.
 - Centro de Transformación en edificio prefabricado, cunha potencia proxectada de 1.000kVA e unha relación de transformación de 20.000/400-380V, no cal se instalan dúas celas de liña, dúas de protección e unha de interruptor automático.
- Finalidade da instalación : Mellora do subministro
- Documentación complementaria:
 - Separata para o Concello de Castro de Rei
 - Separata para a CIA distribuidora (BEGASA)

Esta xefatura territorial, de acordo cas competencias que resultan do Decreto 230/2020, de 23 de decembro, polo que se establece la estrutura orgánica da consellería, y tendo en conta o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve**:

En relación coa instalación de alta tensión, **conceder a autorización administrativa previa e de construción** a ditas instalacións sen prexuízo de terceiros e con independencia das autorizacións que sexan necesarias para a execución da obra por parte doutros órganos da Administración, condicionado ao cumprimento das seguintes condicións:

Primeira: As instalacións deberán axustarse na súa execución ao disposto no citado proxecto de execución, debendo realizarse a Dirección de Obra por técnico competente.

Segunda: O peticionario asegurará o mantemento e vixilancia correcta das instalacións durante a construción e despois da súa posta en servizo, co fin de garantir que en todo momento se manterán as condicións regulamentarias de seguridade.

Terceira: En todo momento deberán cumprirse as normativas e directrices vixentes que sexan de aplicación, en particular, canto establece a lei 24/2013, de 26 de decembro, do sector eléctrico, o Real Decreto 223/2008, de 15 de febreiro, polo que se aproban o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas da alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias, o Real Decreto 337/2014, de 9 de maio, polo que se aproban o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Lugo, 14 de setembro de 2021.- O xefe territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

R. 2802

CONCELLOS

ALFOZ

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de 28 de setembro de 2021 apróbase a Convocatoria e as Bases Específicas para a selección de persoal temporal dun/dunha “Animador turístico” (PROGRAMA: FOMENTO DE EMPREGO 2021 – PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2021 DA DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO) e creación dunha listaxe de emprego temporal.

CONVOCATORIA

O obxecto desta convocatoria é proceder á provisión, con carácter provisional, do seguinte emprego no Concello de Alfoz.

Denominación e características obxecto da convocatoria do emprego de “Animador turístico”:

- **Nº empregos:** 1.
- **Denominación:** Animador turístico – Programa Fomento de Emprego 2021 – Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2021.
- **Réxime Xurídico:** Funcionario interino (art. 10.1.c/ EBEP).
- **Clasificación:** Grupo C – Subgrupo C2.
- **Duración vínculo de servizo:** 12 meses desde a formalización do contrato e cun límite temporal do 31/10/2022.
- **Duración xornada:** Media xornada (50%)

Listaxe de emprego temporal para a praza de “Animador Turístico”

- **Modalidade da listaxe:** Específica

O extracto da convocatoria e as bases específicas publicarase no Boletín Oficial da Provincia (BOP), no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web (www.concellodealfoz.com).

Praza de presentación: Será de dez días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria e das bases no BOP.

Lugar de presentación: Será no Rexistro Xeral do Concello ou a través das formas establecidas na vixente Lei do Procedemento Administrativo Común.

BASES ESPECÍFICAS POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A SELECCIÓN DUN EMPREGO: “ANIMADOR TURÍSTICO”, COMO FUNCIONARIO INTERINO (ART. 10.1.C/ EBEP), A TRAVÉS DO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, AO ABEIRO DO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2021 – PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO 2021 E CREACIÓN DUNHA LISTAXE DE EMPREGO TEMPORAL.

1. OBXECTO.

Constitúe o obxecto das presentes bases específicas, que complementan as bases xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal para prestar servizos no concello de Alfoz publicadas no BOP de Lugo de

data 23 de novembro de 2017, a regulación do procedemento de selección mediante sistema de concurso-oposición do posto de “ANIMADOR TURÍSTICO” a xornada parcial (50%) ao abeiro do Programa de Fomento do Emprego 2021 de conformidade co Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2021 da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP de Lugo de data 12 de xaneiro de 2021.

2. DENOMINACIÓN DO EMPREGO E CARÁCTERÍSTICAS:

- **DENOMINACIÓN:** Animador turístico.
- **Grupo/subgrupo Profesional:** C/C2.
- **Réxime Xurídico:** Funcionarial (funcionario interino do artigo 10.1.c/ “*execución de programas de carácter temporal*” do RDL 5/2015, do 30 de outubro, Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público).
- **DURACIÓN DO VÍNCULO de servizo:** 12 meses desde a formalización do contrato e cun límite temporal do 31/10/2022.
- **tempo Xornada:** A media xornada (50 % xornada).
- **cometido funcional:** Consistirá na realización de funcións propias de atención, información e realización de actividades, en calquera tipo de medio, encamiñadas a promoción turística do Concello de Alfoz e calquera outra que se desprenda dos diferentes servizos municipais e acorde coa súa cualificación, non relacionada anteriormente, que lle encomende a autoridade municipal no exercicio das súas funcións.

3.- **RETRIBUCIÓN:** Soldo correspondente ao Grupo/Subgrupo Profesional C/C2 e Nivel Complemento de Destino: 16. (Dúas pagas extras ou, se é o caso, a parte proporcional correspondente).

4. REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

a) Xerais:

Titulación Académica mínima necesaria para participar no proceso selectivo: Diplomados en Educación Secundaria Obrigatoria e equivalentes.

b) Específicos:

- Estar inscrito na Oficina de Emprego en situación de desemprego ou de mellora de emprego, que deberá acreditarse con certificación ou informe da Oficina de Emprego.
- Nivel de coñecemento do idioma galego esixido para realizar as funcións da praza/posto/emprego convocado: CELGA 2 ou se carece desta acreditación a persoa aspirante someterase obrigatoriamente á proba de coñecemento do idioma galego.

Os anteriores requisitos, deberanse posuír con referencia ao último día do prazo de presentación de solicitudes e gozar dos mesmos durante o proceso selectivo.

5. SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO - OPOSICIÓN.

5.1. FASE DE OPOSICIÓN.

A proba a realizar na fase de oposición será de carácter teórico e a súa finalidade é que as persoas aspirantes poidan amosar os seus coñecementos sobre as materias comúns e as materias específica contidas no programa.

- A proba poderá consistir, segundo determine o Tribunal, en:
 - **Primeira opción:**
 - **A)** Exame tipo test sobre os temas incluídos no apartado de materias común do programa.
 - **B)** Exposición por escrito dun tema, ou dunha parte deste, das materias específicas do programa, determinado por sorteo diante das persoas participantes.
 - **Segunda opción:**
 - Nun exame tipo test que abrangue a totalidade do programa (materias comúns e específicas).
 - O Tribunal determinará:
 - O número de preguntas do exame tipo test.
 - O tempo para a realización da proba.
 - Os criterios de corrección, podendo penalizar no exame tipo test as respostas erróneas ou establecer outros criterios obxectivos de corrección.
- A lectura pública polos aspirantes dos seus exercicios escritos sobre o tema específico, así como a realización de preguntas ou aclaracións necesarias que versarán sobre a materia obxecto da proba.
- Esta proba é obrigatoria e eliminatória.

- Cualificarase ata un máximo de 20 puntos, sendo a puntuación mínima para superala 10 puntos.

5.2. FASE DE CONCURSO. BAREMO DE MÉRITOS (puntuación máxima 12 puntos).

Criterios xerais para todos os apartados do baremo:

- Só se valorarán os méritos que a xuízo do Tribunal estean debidamente acreditados.
- Non se valorarán os méritos acreditados que non estean relacionados, a xuízo do Tribunal, coas funcións do emprego convocado.

5.2.1 Experiencia profesional (puntuación máxima de 6 puntos).

Criterios xerais:

- O cómputo dos días de experiencia profesional realizarase conforme aos días acreditados no informe de vida laboral.
- A experiencia nas Administracións Públicas e/ou nas Entidades do Sector Público puntuarase se a relación de servizos é funcional, laboral ou, se é o caso, autónoma.
- No suposto de ser autónomo a puntuación realizarase segundo o tempo certificado polas Administracións Públicas ou polas Entidades do Sector Público que corresponda.
- A puntuación da experiencia profesional en entidades privadas realizarase en atención a denominación dos servizos prestados que figuren no contrato de traballo ou na nómina.

Criterios de puntuación:

a) Experiencia profesional nas Administracións Públicas e/ou nas Entidades do Sector Público.

- Desempeño nas mesmas prazas/postos/empregos que se convoca: Valorarase a razón de 0,18 puntos por cada 30 días de traballo.
- Desempeño da prazas/postos/empregos con funcións similares: Valorarase a razón de 0,10 puntos por cada 30 días de traballo.

b) Experiencia profesional en Entidades Privadas.

- Desempeño dos mesmos postos/empregos: Valorarase a razón de 0,12 puntos por cada 30 días de traballo.
- Desempeño de postos/empregos similares: Valorarase a razón de 0,07 puntos por cada 30 días de traballo.

5.2.2. Formación académica (puntuación máxima de 3 puntos).

Criterios xerais:

Non se puntuarán as titulacións académicas requiridas no proceso selectivo que se convoca.

Criterios de puntuación:

Por estar en posesión dunha titulación superior á mínima esixida e relacionada coas funcións propias da praza que se convoca: 1,50 puntos por titulación.

5.2.3. Formación Complementaria (puntuación máxima 3 puntos).

Criterios xerais:

- So se valorarán os cursos convocados, impartidos ou homologados pola Administración Pública.
- Non se puntuarán as asignaturas ou materias que formen parte dunha titulación académica, nin de masters propios.
- Os cursos de informática valoraranse sempre que o Tribunal considere que son necesarios para realizar as tarefas do emprego.
- Non se puntuarán as accións formativas que non acreditan as horas de duración.

Criterios de Puntuación:

- Cursos, xornadas, seminarios, congresos, masters propios e similares, que a criterio do Tribunal estean relacionados co posto de traballo:

TIPO DE CURSOS	PUNTUACIÓN POR HORA
Asistencia.	0,010
Aproveitamento.	0,013
Impartir cursos.	0,015

6.- PROBA DE GALEGO.

O artigo 51.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia establece que:

“[...] para darlle cumprimento á normalización do idioma galego nas Administracións Públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas Administracións Públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do Galego por parte dos poderes públicos de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das Administracións Públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei incluírase un exame de galego, agás para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega consonte a normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e, se é o caso, a valoración do coñecemento da lingua galega.”.

Aquelas persoas aspirantes que non acrediten o nivel de galego CELGA 2 deberán realizar esta proba que poderá consistir, alternativamente, na tradución dun texto en castelán para o galego ou en galego para o castelán.

Esta proba é obrigatoria e eliminatória e cualificarase con apto ou non apto.

7. REQUISITO PREVIO Á CONTRATACIÓN.

Conforme ao artigo 7.1 das Bases Reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2020, publicadas no BOP de Lugo número 77 do día 3 de abril de 2020, no programa de Fomento de Emprego, é imprescindible que as persoas a contratar a través deste programa produzan novas contratacións no concello, polo que a situación ou procedencia dos candidatos debe provir de situación de desemprego ou de mellora de emprego con independencia de que a xornada laboral sexa parcial ou completa, quedando excluídos os custes de persoal referidos a traballadores incluídos no cadro de persoal vixente do concello.

A persoa que sexa proposta para este posto de “Animador Turístico”, deberá presentar, ademais da documentación especificada nas bases xerais, a seguinte documentación:

- Certificación da Oficina de Emprego onde se acredite que está desempregado ou en mellora de emprego.

8. PROGRAMA PRAZA/POSTO/EMPREGO DE ANIMADOR TURÍSTICO:

A) MATERIAS COMÚNS.

Tema 1.- A Constitución Española de 1978 e principios xerais desta. Os dereitos e deberes fundamentais dos cidadáns.

Tema 2.- A lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local.

B) MATERIAS ESPECÍFICAS.

Tema 1.- O Concello de Alfoz. Encadre territorial e poboacional.

Tema 2.- Recursos turísticos do Concello de Alfoz.

Tema 3.- A lei 7/2011, de 27 de outubro, de Turismo de Galicia.

Alfoz, 28 de setembro de 2021.- O Alcalde, JORGE VAL DÍAZ.

R. 2803

ANTAS DE ULLA

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA FISCAL

De conformidade co establecido no artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que transcorrido o prazo de trinta días hábiles de información pública do acordo plenario de data 23 de xuño de 2021 de aprobación inicial da modificación da “Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo do subministro de auga no Concello de Antas de Ulla”, sen que durante dito período se presentase reclamación algunha, queda automaticamente elevado a definitivo o citado acordo.

A ordenanza fiscal queda coa seguinte redacción íntegra que de seguido se transcribe:

«ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DO SUBMINISTRO DE AUGA NO CONCELLO DE ANTAS DE ULLA

ARTIGO 1º. FUNDAMENTO E NATUREZA

Conforme ao disposto no artigo 57 do citado Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais establece a “taxa pola prestación do servizo do subministro da auga”, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo de subministro da auga incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas.

ARTIGO 3º. SUXEITOS PASIVOS

Serán suxeitos pasivos da taxa por subministro da auga, en concepto de contribuínte, as persoas físicas e xurídicas, e as entidades á que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de novembro, Xeral Tributaria, que soliciten ou resulten beneficiadas polos servizos a que se refire esta ordenanza.

Terán a consideración de substitutos do contribuínte os propietarios das vivendas ou locais ás que se provea do servizo, as cales poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios.

ARTIGO 4º. RESPONSABLES

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 5º. COTA TRIBUTARIA

A cota tributaria da taxa, regulada nesta ordenanza será a que a continuación se fixa nas tarifas seguintes:

- | | |
|---|---------------------------|
| 1. Cota única de enganche | 161 euros |
| 2. Cota fixa mensual de mantemento do servizo | 1,00 euros |
| 3. Tarifa para consumos mensuais de ata os 14 m ³ | 0,30 euros/m ³ |
| 4. Tarifa para consumos mensuais superiores aos 14 m ³ | 0,48 euros/m ³ |

A tarifa para consumos mensuais ata os 14 m³ ten a dobre finalidade de favorecer o aforro no consumo de auga e posibilitar unha taxa con menor prezo para os usuarios con menor capacidade económica.

Os usuarios que consuman máis de 14 m³ ao mes pagarán a cota establecida no precedente nº 4 desde o primeiro dos m³ do seu consumo.

ARTIGO 6º. DEVENGO

A obriga de pago da taxa regulada nesta ordenanza, nace a partires do comezo da prestación do servizo.

ARTIGO 7º. NORMAS DE XESTIÓN

1. A facturación e cobro dos consumos farase cunha periodicidade anual.
2. Os suxeitos pasivos deberán presentar a solicitude de alta ou baixa no servizo e, unha vez concedida a licenza de conexión á rede, incorporaranse ao padrón de suxeitos pasivos en concepto de taxa pola subministración de auga potable, quedando obrigados ó pagamento das liquidacións correspondentes.
3. Unha vez autorizada a prestación do servizo entenderase prorrogado mentres non se presente a declaración de baixa polo interesado.
4. No caso de cambio do suxeito pasivo e/ou propietario ou declaración de ruína do inmovible, os suxeitos responsables formularán as declaracións de baixa/alta no padrón da taxa que terá efecto no mes seguinte ó da súa presentación. A non presentación da solicitude de baixa, determinará a obriga de continuar aboando a taxa.
5. O concello poderalles suspender a subministración de auga aos usuarios polas seguintes causas:
 - a) Por falta de licenza de enganche á rede.
 - b) Por falta de pagamento da facturación por subministración de auga transcorrido o prazo de dous meses des que rematase o período de pagamento en vía voluntaria.
 - c) Por utilización inapropiada da auga doméstica para regar ou para outros usos diferentes dos autorizados.

Cando conste a concorrencia dalgún destes supostos, o concello procederá a comunicarllo ao interesado, advertíndoo expresamente da posibilidade de suspensión, e concedéndolle un prazo de quince días hábiles de audiencia para formular as alegacións que estime pertinentes.

Logo da audiencia ao interesado, a Alcaldía resolverá suspender a subministración se resulta confirmada a produción dun dos supostos contemplados e non se acredita a súa desaparición. Dita suspensión terá carácter indefinido mentres non desapareza a causa que a motiva.

Se transcorren dous meses desde que se produciu a suspensión sen que o usuario emendara as causas que a motivaron, o concello poderá declarar, tras a audiencia do interesado, a caducidade da licenza de enganche.

6. Os contadores estarán colocados nun lugar axeitado, de libre acceso. O abonado ao servizo estará obrigado a facilitar o acceso ao persoal encargado da lectura do mesmo.
7. Os contadores ou medidores de caudal de subministro de auga serán dos modelos aprobados e verificados pola Consellería competente na materia. No caso de que se detecte avaría nos contadores, notificaráselle ó interesado para que proceda á substitución dos mesmos.

ARTIGO 8º. INFRACCIÓNS E SANCIÓN S

- 1.- Estarase, en xeral, ás normas sobre o particular contidas na Normativa Fiscal Xeral.
- 2.- Tamén se estará ó previsto especialmente nos artigos pertinentes relativos ás normas de xestión do servizo.
- 3.- Sen prexuízo do disposto nos parágrafos anteriores, as infraccións cometidas por usuarios ou terceiros poderán ser moi graves, graves e leves.

a) Infraccións moi graves:

- O uso da auga sen a preceptiva licenza de enganche á rede.
- Cometer calquera acto non accidental que provoque danos ou desperfectos nas tubaxes, instalacións ou equipos do sistema de abastecemento de augas.
- Introducir modificacións fraudulentas nas conexións á rede ou manipular os contadores de medición de consumo co obxecto de rexistrar menor consumo do real.
- Realizar derivacións do caudal antes do equipo de medición.
- Interconectar redes privadas co sistema público de abastecemento de auga.
- Facer conexións directamente desde tubaxes de bombeo, liñas de conducción ou liñas que interconecten unidades do sistema.
- Conectar equipos de bombeo ou mecanismos que succionen a auga directamente das redes de subministro ou desde as conexións domiciliarias.
- Os comportamentos negligentes ou maliciosos que provoquen calquera tipo de contaminación á rede de distribución.
- A reincidencia nas infraccións graves.

b) Infraccións graves:

- Impedir o acceso ao inmovible do persoal do servizo municipal de auga para a lectura dos contadores, a inspección das instalacións ou o exercicio de calquera das funcións propias do cargo.
- Non efectuar as reparacións ou modificacións indicadas polo servizo municipal de auga do Concello na rede interna do usuario que signifiquen derroche de auga.
- Interferir na prestación dos servizos de auga potable, causando prexuízos a outros usuarios.
- Cortar ou interromper o servizo de auga dun terceiro.
- Non pagar a conexión de auga.

c) Infraccións leves: calquera outra infracción que se puidera cometer en relación ao uso ou destino da auga e que non se tipifique como infracción grave ou moi grave.

4.- Sancións: A Alcaldía, previa incoación do oportuno expediente sancionador (de conformidade co disposto na Lei de Réxime Xurídico do Sector Público e a súa normativa complementaria, nomeadamente a Lei 39/2015, de 1 de outubro) poderá impoñer as seguintes sancións:

- a) As infraccións moi graves poderán ser sancionadas con multa de 900,01 € a 1.800,00 €.
- b) As infraccións graves poderán ser sancionadas con multa de 300,01 € a 900,00 €.
- c) As infraccións leves poderán ser sancionadas con multa de ata 300,00 €.

A estas sancións se lles poderá acumular a suspensión da subministración.

ARTIGO 9º.PRIORIDADES DE CONSUMO EN CASO DE ESCASEZA

Se nalgún momento o volume captable de auga resultara insuficiente para satisfacer simultaneamente todos os consumos o Concello establecerá temporalmente os límites de consumo que sexan precisos para protexer a dispoñibilidade prioritaria da auga para os usos domésticos máis necesarios.

ARTIGO 10º. ACTUALIZACIÓN ANUAL DE TARIFAS

Nos anos seguintes ao 2008 as tarifas da taxa de auga actualizaranse anualmente, con efectos do 1 de xaneiro de cada ano, aplicándose o incremento do IPC producido no ano anterior, aos efectos de corrixir os efectos da inflación.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Queda derogada a ordenanza fiscal reguladora da prestación do servizo domiciliario de augas aprobada polo Pleno o 20 de xuño de 1975.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente ordenanza entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no BOP conforme ao disposto no artigo 17.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.»

Contra o presente Acordo aprobatorio de Ordenanza, poderá interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Antas de Ulla, 29 de setembro de 2021.- O alcalde, Javier Varela Pérez.

R. 2804

GUNTÍN*Anuncio***CONVOCATORIA DE EMPREGO.**

O Concello de Guntín por Resolución de Alcaldía de data 28-09-2021 aprobou a convocatoria e por Resolución de Alcaldía de data 28-09-2021 aprobou as bases para **A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA SUBSTITUCIÓN POR ENFERMIDADE OU OUTRAS NECESIDADES DO PERSOAL DE APOIO NO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (PAI) DE GUNTÍN**

- Modalidade de contratación: contrato de interinidade para substituír a traballadores/as con dereito a reserva do posto de traballo.
- Xornada: completa
- Duración da bolsa: 3 anos

Funcións: Aquelas que correspondan á categoría profesional de Persoal de Apoio do PAI, conforme o establecido no artigo 14 do Regulamento de Réxime interior do Punto de Atención á Infancia do Concello de Guntín (BOP nº 226 de 01/10/2018).

- Prazo para presentación de solicitudes: **5 días hábiles** a partir da publicación do presente anuncio no BOP de Lugo
- No caso de solicitudes por correo, rógase aviso por fax ao 982 32 00 88.
- As bases atópanse dispoñibles en:
 - paxina web: www.guntin.es
 - oficinas xerais do Concello de Guntín.
 - no taboleiro de anuncios do Concello de Guntín

Guntín, 28 de setembro de 2021.- A alcaldesa, María José Gómez Rodríguez.

R. 2805

LOURENZÁ*Anuncio***EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA XIMNASIO SETEMBRO 2021****EXPOSICIÓN O PÚBLICO**

Por Resolución de Alcaldía de data 21 DE SETEMBRO DE 2021, prestouse aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de XIMNASIO correspondente ao mes de SETEMBRO de 2021 por importe de **767,56 EUROS (SETECENTOS SESENTA E SETE CON CINCUENTA E SEIS EUROS)**

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria 58/2003 de 17 de decembro, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días, contador a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulan ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade con artigo 253.1 da citada lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante a Sra. Alcadesa-Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes serán debidos nas contas bancarias respectivas.

O prazo de cobro, en período voluntario será de dous meses dende a publicación do Edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederase a esixir os xuros de mora e os recargas de acordo cos artigos 26 a 28 da Lei Xeral Tributaria.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei Xeral tributaria.

Lourenzá, 21 de setembro de 2021.- A Alcadesa, Rocío López García.

R. 2806

OUTEIRO DE REI

Anuncio

Por Resolución da alcaldía de data 24 de setembro de 2021, aprobouse o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, lixo e Canon de auga da Xunta, correspondente ao 4º bimestre do exercicio 2021, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido no Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 1 de outubro ata o 15 de outubro de 2021. Contra o acto de aprobación do padrón e da liquidación de tributos municipais incorporada a este, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a exixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación. Outeiro de Rei, a 24 de setembro de 2021.- O Alcalde, José Pardo Lombao.

Outeiro de Rei, 24 de setembro de 2021.- O Alcalde, José Pardo Lombao.

R. 2807

Anuncio

Aprobados inicialmente os Padróns do Imposto sobre Bens Inmóveis de natureza Urbana, Imposto sobre Bens Inmóveis de natureza Rústica e Imposto sobre Actividades Económicas deste Concello, correspondentes ao ano 2021, dispónse o sometemento a exposición pública, polo prazo de 15 días hábiles dende o seguinte á publicación deste anuncio. De non presentarse alegacións no período de exposición pública, entenderanse aprobados definitivamente os indicados Padróns.

De conformidade co disposto no artigo 24 do Regulamento Xeral de Recaudación, faise público o período voluntario de cobranza.

1. Importe do Padrón de Bens inmobles de natureza Urbana: 1.084.503,59 euros
2. Importe do Padrón de Bens inmobles de natureza Rústica: 41.040,93 euros
3. Importe do Padrón de Actividades Económicas: 123.426,98 euros
4. O período de recadación en voluntaria realizarase entre o 1 de outubro e o 30 de novembro de 2021.

O pago poderá efectuarse na entidade colaboradora Abanca.

Os recibos domiciliados serán cargados directamente nas contas sinaladas polos contribuíntes. Advírtese que, transcorrido o prazo de ingreso, as débedas serán esixidas polo procedemento de apremio, e devengaránse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

Réxime de recursos: Conforme ao disposto no artigo 14 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer Recurso de Reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición pública do Padrón. Devandito recurso entenderase desestimado se non recaese resolución expresa no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa presentación. Contra a resolución do Recurso de Reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer Recurso Contencioso-Administrativo ante o Xulgado competente do Contencioso-Administrativo nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non poderá compaxinarse a interposición de ambos recursos.

Outeiro de Rei, 24 de setembro de 2021.- O Alcalde, José Pardo Lombao

R. 2808

A POBRA DO BROLLÓN

Anuncio

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 15/09/2021, aprobáronse as bases para a selección, mediante concurso- oposición de unha praza de auxiliar administrativo, a xornada completa, con adscrición ao servizo de Servizos Sociais do Concello da Pobra do Brollón, como persoal laboral fixo.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días hábiles contados a partir da publicación do anuncio no Boletín Oficial do Estado.

Todas as persoas interesadas en participar no proceso selectivo poderán consultar as bases na sede electrónica do Concello <http://concelloapobradobrollon.sedelectronica.es>.

A Pobra do Brollón, 28 de setembro de 2021.-O alcalde, Luís Maceda Vilariño.

R. 2809

SARRIA

Anuncio

O 28 de setembro de 2021, o Alcalde de Sarria mediante o DECRETO 2021-0700 (expediente 544/2021) aprobou as Bases reguladoras das probas selectivas para a provisión en propiedade da praza de FUNCIONARIO DE CARREIRA, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO DO ANO 2021 COMO TÉCNICO MEDIO DE XESTIÓN DE ADMINISTRACIÓN XERAL, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN POR PROMOCIÓN INTERNA.

“Expediente núm.: 544/2021

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos. TXAX promoción interna.

DECRETO DE ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DE BASES E CONVOCATORIA

Antecedentes:

Considerando os informe de secretaria 2021-0113 e os informes de intervención 2021-0077 e 2021-0153 .

Considerando o acordo do pleno de data Pleno de data 22 de xuño de 2021 no que se aproba definitivamente a modificación da plantilla e o anexo de persoal (expediente 728/2021), publicado no BOP de data 8 setembro de 2021.

Considerando que este asunto foi informado favorablemente e aceptada a súa provisión como promoción interna, nas mesas de negociación de data 23 de abril de 2021 (expediente 589/2021) e 26 de xullo de 2021 (expediente 1105/2021).

Considerando que esta praza foi incluída na OEP de 2021 (expediente 900/2021) aprobada por Decreto de Alcaldía e publicada no BOP de data 9 de setembro de 2021.

Examinadas as bases da convocatoria en relación coa selección de persoal e de conformidade co artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local,

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar as Bases reguladoras das probas selectivas para a provisión en propiedade da praza **COMO FUNCIONARIO DE CARREIRA, DA PRAZA INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO DO ANO 2021 COMO TÉCNICO MEDIO DE XESTIÓN DE ADMINISTRACIÓN XERAL, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN POR PROMOCIÓN INTERNA.**

SEGUNDO. Publicar o texto íntegro das bases reguladoras das probas selectivas en o Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica deste Concello <http://sarria.sedelectronica.es>.

TERCEIRO. Publicar un extracto da convocatoria no DOGA e no BOE, sendo a data deste anuncio a que servirá para o cómputo do prazo de presentación de instancias.

“BASES DA CONVOCATORIA DO PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN, COMO FUNCIONARIO DE CARREIRA, DA PRAZA INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO DO ANO 2021 COMO TÉCNICO DE XESTIÓN DE ADMINISTRACIÓN XERAL, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN POR PROMOCIÓN INTERNA ”

LEXISLACIÓN APLICABLE.

— Os artigos 18, 60, 61, 62, 75 e 76 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro.

— A Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

— A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

— Os artigos 21.1.g) e h), 91, 100 e 102 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

— O artigo 134.1 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril

— Os artigos 18 e seguintes, 77 e seguintes, e a disposición adicional novena do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado, aprobado por Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

— Os artigos 4, 5 e 6 do Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local.

— Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística de Galicia.

— O texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, aprobado por Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro.

— O artigo 53 da Lei orgánica 3/2007, de 22 de Marzo, para a Igualdade efectiva de Mulleres e Homes.

— Acordo marco municipal para o persoal do Concello de Sarria de 1991.

1.- Obxecto da convocatoria.

Considerando que a comentada praza está incluída na oferta de emprego público de 2021.

O 22 de xuño de 2021 o Pleno de Sarria Pleno aproba definitivamente a modificación da plantilla e o anexo de persoal (expediente 728/2021), publicado no BOP de data 8 setembro de 2021, quedando a praza como segue:

Na plantilla:

PERSOAL FUNCIONARIO	GRUPO	TOTAL	VACANTES
Escala de Administración Xeral			
Subescala Técnica de Xestión	A2	1	1

No anexo de persoal:

POSTO	GRUPO	COMPLEMENTO DESTINO	COMPLEMENTO ESPECÍFICO
Técnico de xestión de Administración Xeral	A2	22	10.311,42

A presente convocatoria, polo tanto, ten por obxecto o proceso selectivo para cubrir, como funcionario de carreira, dunha praza de Técnico de Administración Xeral, Grupo A2, polo sistema de concurso-oposición promoción interna.

2. Funcións da praza:

2.1. Coordinación e programación da área de persoal.

Organizar e coordinar os recursos materiais e humanos da área, en coordinación cos seus superiores xerárquicos e políticos.

2.2. Funcións materiais xerais.

Programar, coordinar e executar as tarefas administrativas propias do departamento ou área para a súa eficiente xestión.

Tramitar e xestionar os asuntos, expedientes e informes que sexan da súa competencia.

Elaborar informes que non correspondan aos habilitados nacionais (taxado de forma pormenorizada para cada modalidade dos mesmos polo Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación nacional).

En particular, elaborar informes para xustificar a necesidade de contratar administrativamente servizos e subministracións.

Impulsar a tramitación dos expedientes que teñan asignados.

Elaborar as propostas de resolución dos expedientes da súa competencia.

Elaborar a proposta correspondente, ao órgano de contratación, respecto da aprobación do Plan Anual de Contratación, previa consulta cos correspondentes servizos e áreas municipais.

Elaborar os Pregos de Cláusulas Administrativas e participar cos servizos técnicos e órganos xestores, na redacción de Pregos de Prescricións Técnicas de contratos administrativos e privados.

Elaborar estudos e propostas previas para o debate e aprobación de Regulamentos e Ordenanzas Municipais.

Coordinar os medios humanos para a xestión de expedientes de urbanismo, contratación, patrimonio e subvencións a solicitar a outras administracións públicas, ata a formalización do contrato e xustificación das subvencións.

Controlar, en colaboración co correspondente responsable do contrato, as fases de execución e finalización da contratación administrativa, así como seguir as incidencias e documentación que deben achegar os contratistas, especialmente de servizos, ao longo da fase de efectos contractual.

Redactar contratos administrativos, privados e excluídos da lexislación contractual. Xestionar o patrimonio privativo da entidade.

Emitir informes de xestión de servizo necesarios para a imposición de penalidades, sancións e devolución de garantías a instancias do correspondente responsable do contrato.

Cantas outras funcións se lles encomenden propias da súa categoría.

2.3. Outras funcións específicas.

Tramitar e xestionar expedientes de contratación en calquera de as súas modalidades e fases.

Tramitar e xestionar os procesos e expedientes urbanísticos.

Participar en Mesas de Contratación e en Tribunais de procedementos selectivos, como vogal ou secretario.

Asumir a secretaría e dación de fe pública en órganos colexiados por delegación ou substitución do Secretario.

3. Réxime normativo:

No proceso de selección regulado polas presentes bases serán de aplicación o RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

4. Procedemento de selección:

A selección efectuarase mediante concurso-oposición, debendo respectar en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e transparencia.

5. Requisitos das persoas aspirantes:

De acordo co establecido no artigo 80 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, en relación co artigo 18 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, para poder participar no proceso selectivo será necesario reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser funcionario de carreira do Concello de Sarria, pertencendo ao Subgrupo: C1; Escala: Administración Xeral; Subescala: Administrativa de acordo co artigo 76 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro.
- b) Ter una antigüidade de polo menos, dous anos como persoal funcionario de carreira no corpo ou escala desde o que se accede, segundo o disposto no artigo 18.2 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, e o artigo 80.1.b) da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.
- c) Non superar a idade de xubilación forzosa.
